B2.7. Utilizar as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información.	LCB2.7.1. Utiliza as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información.
B3.1. Producir textos segundo un modelo con diferentes intencións comunicativas, con coherencia, aplicando as regras ortográficas e coidando a caligrafía, a orde e a presentación.	LCB3.1.1. Escribe, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá e do ámbito social e escolar, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos): diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, contos, folletos informativos e literarios, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, regulamentos, receitas, instrucións, normas...
	LCB3.1.2. Escribe textos organizando as ideas con cohesión básica e respectando as normas gramaticais e ortográficas.
	LCB3.1.3. Escribe, de forma creativa, diferentes tipos de textos adecuando a linguaxe ás características do xénero.
	LCB3.1.4. Elabora un informe seguindo un guión establecido que supoña a procura, selección e organización da información de textos de carácter científico, xeográfico ou histórico.
	LCB3.1.5. Presenta un informe, utilizando soporte papel e informático, sobre situacións sinxelas, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, Internet), seguindo un plan de traballo e expresando conclusións.
	LCB3.1.6. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza.
B3.2. Valorar a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.	LCB3.2.1. Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.
B3.3. Aplicar todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura, utilizando esquemas e	LCB3.3.1. Aplica correctamente os signos de puntuación, as regras de acentuación e ortográficas propias do nivel nos seus textos escritos.

mapas conceptuais, aplicando estratexias de tratamento da información, redactando os seus textos con claridade, precisión e corrección e avaliando, coa axuda de guías, as producións propias e alleas.	LCB3.3.2. Reproduce textos ditados, logo de identificar o sentido global e a información específica neles.
	LCB3.3.3. Emprega, de xeito guiado e seguindo modelos, estratexias de planificación, procura e selección da información: tomar notas, elaborar esquemas, guións, borradores e mapas conceptuais.
	LCB3.3.4. Redacta o texto e revisao para melloralo, utilizando borradores que amosan: a xeración e selección de ideas, a revisión ortográfica e da secuencia coherente do escrito.
B3.5. Elaborar proxectos individuais ou colectivos sobre diferentes temas do área.	LCB3.5.1. Elabora gráficas a partir de datos seleccionados e organizados procedentes de diferentes textos (libros de consulta, xornais, revistas etc.)
	LCB3.5.2. Elabora con creatividade textos do seu interese: contos, anuncios, rimas, cancións, cómics, ... buscando imaxes dixitais para facilita a súa comprensión ou mellorar a súa presentación.
B3.6. Favorecer a través da linguaxe a formación dun pensamento crítico que impida discriminacións e prexuízos.	LCB3.6.1. Expresa, por escrito, utilizando de xeito habitual, unha linguaxe non sexista e respectuosa coas diferenzas.
B3.7. Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións	LCB3.7.1. Usa con axuda Internet e as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para escribir, presentar e ilustrar os textos, buscar información, crear táboas e gráficas
B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	LCB4.4.1. Sinala as características que definen ás diferentes clases de palabras e nomes: clasificación e uso para construír un discurso sinxelo nos diferentes tipos de producións.
	LCB4.4.2. Utiliza correctamente as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita.
	LCB4.4.3. Aplica as normas de acentuación e clasifica as palabras dun texto.
	LCB4.4.4. Utiliza os signos de puntuación nas súas producións escritas.
	LCB4.4.5. Aplica as normas do uso da til nos textos de elaboración propia.
B5.1. Valorar os textos literarios e utilizar a lectura como fonte de lecer e información e consideralos como un medio de aprendizaxe e enriquecemento persoal.	LCB5.1.1. Valora e recoñece as características fundamentais de textos literarios narrativos, poéticos e dramáticos.

## LINGUA GALEGA E LITERATURA

B1.1. Comprender textos orais sinxelos procedentes da radio, da televisión ou da internet, identificando os aspectos xerais máis relevantes así como as intencións, valores e opinións	LGB1.1.1. Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo, procedentes da radio, da televisión ou de internet, identifica o tema e elabora un resumo.
--	--

explícitos.	LGBI.1.2. Comprende o significado literal e inferencial dun texto oral sinxelo, distinguindo, de maneira xeral, información de opinión.
BI.2. Valorar e utilizar os documentos audiovisuais dos medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.	LGBI.2.1. Accede a documentos audiovisuais e dixitais, para obter, seleccionar e clasificar, con certa autonomía, a información relevante e necesaria para realizar traballos ou completar información, valorando os medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.
BI.3. Interpretar correctamente a retranca, a ironía e os dobres sentidos, en situacións de comunicación nas que estes resulten bastante evidentes.	LGBI.3.1. Interpreta en producións orais a retranca, a ironía e os dobres sentidos.
BI.4. Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico.	LGBI.4.1. Participa axeitadamente nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias.
	LGBI.4.2. Sigue unha exposición da clase e extrae, de xeito global, as ideas máis destacadas.
	LGBI.4.3. Iníciase na elaboración de pequenas exposicións orais na aula adecuando o discurso ás diferentes necesidades comunicativas (narrar, describir e expoñer), utilizando o dicionario se é preciso.
	LGBI.4.4. Participa activamente no traballo en grupo, así como nos debates.
	LGBI.4.5. Identifica o grao de formalidade da situación de comunicación e axusta a este a súa produción.
BI.5. Manter unha actitude de escoita activa, respectando as opinións dos e das demais.	LGBI.5.1. Atende as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper.
	LGBI.5.2. Respecta as opinións dos e das demais.
BI.6. Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.	LGBI.6.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.
	LGBI.6.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais e é consciente da posibilidade de empregar a lingua galega en calquera intercambio oral dentro da escola ou fóra dela.
	LGBI.6.3. Emprega unha postura e xestualidade adaptada ao discurso, para reforzalo e facilitar a súa comprensión.
	LGBI.6.4. Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume.

	LGB1.6.5. Participa na conversa formulando e contestando preguntas.
B1.7. Amosar interese por expresarse en público coherentemente, sen contradicións, sen repeticións innecesarias e usando nexos adecuados.	LGB1.7.1. Planifica e elabora un discurso oral coherente, sen contradicións nin repeticións innecesarias, utilizando un vocabulario adecuado á súa idade.
	LGB1.7.2. Elabora un discurso oral cohesivo, utilizando nexos básicos adecuados.
	LGB1.7.3. Emprega o rexistro lingüístico (formal ou informal) adecuado a cada contexto.
	LGB1.7.4. Aмосa un discurso oral fluído, claro, cunha pronuncia e entoación axeitada e propia da lingua galega.
B1.8. Elaborar textos orais sinxelos propios dos medios de comunicación.	LGB1.8.1. Elabora textos sinxelos propios dos medios de comunicación.
B1.9. Reforzar a eficacia comunicativa das súas mensaxes orais, coa utilización de elementos propios da linguaxe non verbal.	LGB1.9.1. Utiliza a expresividade corporal: miradas e postura corporal para reforzar o sentido das súas producións orais.
B1.10. Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo.	LGB1.10.1. Aмосa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo.
B1.11. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.	LGB1.11.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo.
B1.12. Usar, de maneira xeral, unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	LGB1.12.1. Usa, de maneira xeral, unha linguaxe non sexista.
	LGB1.12.2. Usa, de maneira xeral, unha linguaxe respectuosa coas diferenzas
B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e iniciar a realización de inferencias para determinar intencións e dobres sentidos bastante evidentes.	LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de 6situación cotiás
	LGB2.1.2. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto (narrativo, descritivo e expositivo).
	LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo, deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto.
	LGB2.1.4. Interpreta, personificacións, hipérboles, ironías e dobres sentidos en textos.

	LGB2.1.5. Identifica a estrutura dun texto e reconece algúns mecanismos de cohesión (repeticións, sinónimos, anáforas).
	LGB2.1.6. Identifica o punto de vista do autor ou autora e diferencia, de maneira xeral, información, opinión e publicidade de carácter bastante evidente.
	LGB2.1.7. Emprega o dicionario para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos.
	LGB2.1.8. Fai unha lectura rápida, selectiva ou integral en función das necesidades de cada momento.
B2.3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo, e esquematizar e resumir o seu contido.	LGB2.3.1. Realiza o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo.
	LGB2.3.2. Esquematiza as ideas dun texto sinxelo, indicando as ideas principais e secundarias.
	LGB2.3.3. Realiza o resumo dun texto sinxelo.
B2.4. Utilizar certas estratexias para mellorar a lectura.	LGB2.4.1. Deduce o posible contido dun texto sinxelo antes de lelo, axudándose do título e as ilustracións.
	LGB2.4.2. Relé un texto e marca as palabras clave para acadar a comprensión integral, cando é preciso.
B2.5. Utilizar as tecnoloxías da información para tratar a información nun texto sinxelo.	LGB2.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información para localizar e seleccionar a información nun texto sinxelo adecuado á súa idade.
	LGB2.5.2. Utiliza as tecnoloxías da información para organizar a información dun texto sinxelo adecuado á súa idade.
	LGB2.5.3. Utiliza dicionarios dixitais para interpretar a información dun texto.
B2.10. Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.	LGB2.10.1. Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.
B2.11. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.	LGB2.11.1. Selecciona persoalmente as lecturas que desexa realizar e é quen de xustificalas en función dos seus gustos e necesidades.
	LGB2.11.2. Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.



B3.1. Usar, de maneira xeral, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.	LGB3.1.1. Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información, mediante notas, esquemas ou guións.
	LGB3.1.2. Elabora o texto cunha estrutura definida, con coherencia e cohesionando, de maneira xeral, os enunciados.
	LGB3.1.3. Utiliza os signos de puntuación (punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación).
	LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa, habitualmente, unha linguaxe non sexista.
	LGB3.1.5. Escribe e presenta textos propios elaborando borradores.
	LGB3.1.6. Usa o dicionario durante a elaboración de textos.
B3.2. Crear textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.	LGB3.2.1. Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas, notas e invitacións
	LGB3.2.2. Redacta textos xornalísticos (noticias, crónicas, reportaxes, entrevistas) e (anuncios e carteis), imitando modelos publicitarios moi sinxelos.
	LGB3.2.3. Crea diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos ou argumentativos) seguindo un guión establecido e adaptando a linguaxe ás características de cada xénero.
	LGB3.2.4. Escribe textos coherentes e empregando algúns elementos básicos de cohesión, usando o rexistro adecuado.
	LGB3.2.5. Resume o contido de textos sinxelos propios do ámbito da vida persoal ou familiar ou dos medios de comunicación.
B3.3. Elaborar textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información.	LGB3.3.1. Elabora textos escritos propios do ámbito académico (cuestionarios, resumos, descrições, explicacións...) para obter, organizar e comunicar información.
B3.4. Elaborar textos breves e sinxelos con creatividade.	LGB3.4.1. Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic, contos, poemas, cancións e anécdotas.
	LGB3.4.2. Escribe textos sinxelos de carácter creativo.
B3.5. Usar as TIC, con certa autonomía, para a busca de información, tratamento dos textos e realización de presentacións.	LGB3.5.1. Busca e selecciona información en diferentes fontes e soportes dixitais.

	LGB3.5.2. Emprega procesadores de textos con certa autonomía.
	LGB3.5.3. Utiliza, habitualmente, correctores de textos.
B4.2. Coñecer e aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	LGB4.2.1. Aplica xeralmente as normas de acentuación xerais e de acentuación diacrítica e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.
	LGB4.2.2. Coñece e utiliza as normas ortográficas, aplicándoas nas súas producións escritas con especial atención nas regras do h, b/v, c/cc, s/x, ll/i/x.
B4.3. Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe adecuada nas producións orais e escritas.	LGB4.3.1. Emprega con corrección os signos de puntuación, facendo unha valoración dos resultados.
	LGB4.3.2. Usa unha sintaxe adecuada nas súas producións.
B5.2. Ler textos e obras n galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.	LGB5.2.1. Le en silencio obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.
	LGB5.2.2. Le en voz alta obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.
B5.4. Recrear e compoñer poemas e relatos sinxelos a partir de modelos dados.	LGB5.4.1. Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo e lembranzas.
B5.6. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.	LGB5.6.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.
<b>VALORES SOCIAIS E CÍVICOS</b>	
▪ BI.1. Construír o estilo persoal baseándose na respectabilidade e na dignidade persoal.	▪ VSCBI.1.1. Actúa de forma respectable e digna.
▪ BI.2. Estructurar un pensamento efectivo e independente empregando as emocións de forma positiva.	▪ VSCBI.2.1. Utiliza, de xeito guiado, estratexias de reestruturación cognitiva.
	▪ VSCBI.2.2. Aplica o autocontrol á toma de decisión e á resolución de conflitos.
	▪ VSCBI.2.3. Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas.

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación intrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VSCB1.3.1. Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo e asumindo compromisos para a consecución de obxectivos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Adquirir capacidades para tomar decisións de forma independente, manexando as dificultades para superar frustracións e sentimentos negativos ante os problemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VSCB1.4.1. Utiliza o pensamento creativo na análise de problemas e na formulación de propostas de actuación.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VSCB1.4.2. Sabe facer fronte á incerteza, ao medo ou ao fracaso.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VSCB1.5.1. Identifica, define problemas sociais e cívicos e achega solucións potencialmente efectivas.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VSCB1.5.2. Define e formula claramente problemas de convivencia e achega solucións potencialmente efectivas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. Propoñerse desafíos e levalos a cabo mediante unha toma de decisión persoal, meditada e responsable, desenvolvendo un bo sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás demais persoas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VSCB1.6.1. Identifica vantaxes e inconvenientes dunha posible solución antes de tomar unha decisión ética.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VSCB2.1.1. Emprega apropiadamente os elementos da comunicación verbal e non verbal, para expresar con coherencia opinión, sentimentos e emocións.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VSCB2.1.2. Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais e debates.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Utilizar habilidades de escoita e o pensamento de perspectiva con empatía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VSCB2.2.1. Dialoga interpretando e dando sentido ao que oe.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VSCB2.2.2 Realiza actividades cooperativas detectando os sentimentos e pensamentos que subxacen no que se está a dicir.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VSCB2.2.3. Colabora en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Resolver problemas en colaboración, poñendo de manifesto unha actitude aberta cara aos demais e compartindo puntos de vista e sentimentos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VSCB3.1.1. Desenvolve proxectos e resolve problemas en colaboración</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VSCB3.1.2. Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula.</li> </ul>

## 2. Avaliación e cualificación

De acordo coas *Instruccións do 27 de abril, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019-2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, a avaliación deste terceiro trimestre será continua e terá un carácter diagnóstico e formativo. A avaliación das aprendizaxes desenvolvidas a partir da suspensión das clases só poderá ter valor positivo para a cualificación do alumnado.

O profesorado adaptará o sistema de avaliación, co obxectivo de que o alumnado poida continuar avanzando na súa formación, tendo especialmente en conta a situación dos estudantes máis vulnerables.

A repetición de curso será excepcional e proporase unicamente nos casos, debidamente xustificadas, de alumnado cun historial académico de dificultades de aprendizaxe para o que a permanencia no mesmo curso sexa a medida que mellor lle permita progresar no desenvolvemento das competencias recollidas no currículo.

O profesorado emitirá un informe individual valorativo do traballo realizado polo seu alumnado no curso, que inclúa os atrasos que puidesen terse producido e un plan de recuperación dos mesmos. Estes informes serán tidos en conta de cara á programación do curso 2020-2021.

<b>Avaliación</b>	<p><b>Procedementos:</b> Os procedementos de avaliación nas dúas primeiras avaliacións figuran na programación didáctica do curso e inclúen: análise das producións do alumnado, observación sistemática, intercambios orais co alumnado, cuestionarios e probas específicas.</p> <p>Para o terceiro trimestre utilizaremos a análise das producións do alumnado e o intercambio oral ou escrito con eles, tendo especialmente en conta as dificultades que entraña esta formación a distancia para o alumnado e para as súas familias, e a vulnerabilidade emocional que provoca o confinamento.</p> <p><b>Instrumentos:</b> Os instrumentos empregados nos dous primeiros trimestres foron:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Análise das producións do alumnado: textos escritos, textos orais, resolución de problemas, cadernos de clase, producións plásticas, producións musicais, producións motrices..</li><li>• Observación sistemática: diarios de clase, escalas de observación, rexistros, rúbricas...</li><li>• Intercambios orais co alumnado: asembleas, debates, postas en común...</li><li>• Cuestionarios: probas orais, probas escritas.</li><li>• Probas específicas</li></ul> <p>Para o terceiro trimestre, de acordo co explicado no apartado anterior, empregaremos a análise das producións do alumnado, a súa participación nas propostas programadas e o intercambio oral ou escrito con eles.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Para obter a cualificación final das aprendizaxes do alumnado durante o presente curso, valoraremos especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles definidas neste documento que foron traballadas durante os dous primeiros trimestres, e serán o contido das propostas de repaso, recuperación e reforzo programadas para o terceiro trimestre.</p> <p>A cualificación final será a nota media entre as cualificacións do primeiro e do segundo trimestre do curso, engadindo a valoración das actividades desenvolvidas no terceiro trimestre unicamente se beneficia ao alumno ou alumna. No caso contrario, non se terá en conta na cualificación final.</p>

O:  
O:  
A:

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>Propóñense actividades xenéricas de escritura, comprensión lectora, ortografía, cálculo, resolución de problemas, tratamento da información, manexo de ferramentas dixitais ou propostas plásticas. Neste terceiro trimestre cada semana realízase un proxecto diferente sobre algún contido do currículo e a partir del se deseñan todas as actividades, que seguen sendo como as descritas. Comézase cunha breve de presentación do proxecto e cada día vanse subindo as actividades a realizar.</p> <p>Polo xeral nunha semana realízanse as seguintes actividades, todas elas en relación ao tema semanal de proxecto:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividade de composición escrita</li> <li>- Actividade de comprensión lectora</li> <li>- Actividades de lectura, subliñado e esquematización</li> <li>- Actividades de ortografía</li> <li>- Visualización de vídeos e extracción de información</li> <li>- Investigación. pescuda e tratamento de información</li> <li>- Creación dunha presentación de diapositivas</li> <li>- Fichas con problemas e contas de matemáticas</li> <li>- Actividades de diversos contidos matemáticos</li> <li>- Actividades plásticas</li> <li>- Tempo de lectura diario</li> </ul>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Cólganse de maneira diaria as actividades variadas que traballen as diferentes competencias e contidos básicos do curso en EDixgal, nunha asignatura creada especificamente para esta situación. Dentro da asignatura créanse seccións para os distintos proxectos, nas que cada día se crea unha tarefa coa explicación do traballo e os materiais necesarios para realizalas. Algunhas das actividades son subidas á plataforma polo alumnado unha vez feitas, outras as fan en papel e se suben as correccións a EDixgal.</p> <p>A comunicación faise directamente cos nenos e nenas a través da plataforma Hangouts. Contamos cun grupo conxunto no que se dan avisos diarios e as dúbidas son respondidas mediante conversacións privadas. Coas familias a comunicación é a través de correo electrónico cunha conta creada ex <i>profeso</i>.</p> <p>Todo o alumnado ten conexión a internet e equipo informático polo que o traballo é o mesmo para todo o grupo.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	Diferentes materiais en formato Word ou PDF subidos á plataforma EDixgal. Todo realizable sen necesidade de impresora.

#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Para trasladar a información ao alumnado e ás familias das propostas e actividades que se programarán no terceiro trimestre, utilizaremos, en función dos distintos cursos, dos recursos das familias e do tipo de contido, os seguintes medios: Abalar, correo electrónico, teléfono, E-dixgal, blogs do centro e videoconferencias. Para informar da propia adaptación da Programación do curso, remitiremos unha mensaxe Abalar a todas as familias, comunicando a súa publicación.
<b>Publicidade</b>	Esta adaptación da Programación do curso 2019-2020 será publicada na web do centro.